

NOTA INFORMATIVA

O tribunal nomeado pola Orde do 29 de abril 2021 para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión mediante contrato laboral temporal de postos **de Auxiliares da Policía Local** convocado a Orde do 29 de marzo de 2021, publicada no Diario Oficial de Galicia número 65, do 8 de abril,

INFORMA:

1. Que os días **15 e 16 de maio de 2021** se vai desenvolver o primeiro exercicio do proceso selectivo, correspondente ás probas físicas no Centro de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, sito na rúa Padre Fernando Olmedo nº 1, 36002, Pontevedra.

Ante a situación epidemiolóxica actual derivada do COVID19, co fin de garantir o correcto desenvolvemento deste exercicio, teranse en conta as seguintes normas:

- 1.1. Non se permitirá a asistencia de público, nin acompañantes, nin ningunha persoa allea á realización das probas.
- 1.2. É obrigatorio o uso de máscaras, e todos/as os/as aspirantes convocados/as deberán traer as súas propias. Deberá ser das tipo cirúrxica ou FFP2.

Poderán quitalas soamente durante a execución das probas físicas.
- 1.3. Non haberá vestiarios dispoñibles, polo que as persoas aspirantes deberán acudir xa vestidas coas prendas deportivas que vaian empregar.
- 1.4. Deberán traer consigo 4 impermeables, para suxeitar o seu dorsal, que lle será facilitado no momento do chamamento. Non se facilitaran impermeables.
- 1.5. O persoal aspirante so poderá portar unha bolsa onde gardar as súas pertenzas, e cuxas medidas en ningún caso poderán ser superiores a 50x35x20cm.
- 1.6. As persoas convocadas deberán obrigatoriamente acudir provistas de:
 - Documento Nacional de Identidade
 - Informe médico en que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores á data de realización da primeira proba de aptitude física.
 - Certificado nominativo impreso de proba PCR e/ou antixenos – COVID19, con resultado negativo, realizado por un laboratorio, con data máxima de expedición, tres días antes do día de realización das probas

As persoas aspirantes que non se presenten ás probas, ou non acudan coa documentación relatada con anterioridade, non poderán realizar as probas físicas e decaerá de todos os seus dereitos no proceso selectivo.

Durante a realización das probas, atenderase a un protocolo específico de prevención do COVID19, e será obrigatorio manter a distancia interpersoal esixida.

Este tribunal, publicará con anterioridade á realización das probas, as listaxes e orde de chamamento das persoas aspirantes admitidas definitivamente ao proceso.

2. A data prevista para a realización da proba de coñecementos prevista na base 6.2.C da orde de convocatoria é o **21 de maio de 2021** no Recinto Feiral de Silleda en chamamento único que comezará ás 10:00 horas.

Inmediatamente despois de rematar esta proba de coñecementos terá lugar a proba de avaliación do coñecemento da lingua galega prevista na base 6.2.D da convocatoria.

A listaxe de persoas convocadas a estas probas será publicada xunto coa resolución que publique as cualificacións obtidas no primeiro exercicio do proceso selectivo (probas físicas)